



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA

12 DE MAIO DE 2023

No salón de sesións do Concello de Pol, sendo as 21:03 horas do día 12 de maio de 2023, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente de don Lino Rodríguez Ónega, reuníronse, en sesión pública, os señores e señoras concelleiros/as co obxecto de celebrar sesión ordinaria.

ASISTENTES

Alcalde-presidente

Don Lino Rodríguez Ónega

Concelleiros:

Dona Ana Belén Seco Morado,

Don César Valiña Irimia

Don Enrique Rodríguez Rodríguez

Don José Luis Ramudo Andión, chega unha vez iniciada a sesión

Secretaria:

Dona María Rosa Antuña Carballés

AUSENTES

Dona Ana Domínguez Barreiro

Dona Marina Ramudo Graña

Dona Sonia Cervantes Rivas,

Dona Carmen Paz Rodríguez,

A sesión desenvolveuse con arranxo á seguinte orde do día:

1.- Aprobación da acta da sesión anterior de data 10 de marzo de 2023.

Polo señor Alcalde-Presidente pregúntase aos señores/as concelleiros/as se teñen algunha cuestión en relación a acta que se somete a aprobación. Non producíndose ningunha alegación nin suxestión a acta é aprobada por unanimidade.





2.- Aprobación da Conta Xeral do exercicio 2022.

Polo señor Alcalde-presidente dáse conta ao Pleno do Ditame favorable da Comisión Especial de Contas da Conta Xeral do exercicio do 2022, en sesión celebrada o día 12 de maio de 2023, e no que se acorda a súa exposición ao público por un prazo de quince días, durante os cales, quen se estimen interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que consideren.

Ponse o asunto a votación e por tres votos a favor (PSOE) e un en contra (PP), acórdase a aprobación inicial da Conta Xeral do exercicio do 2022. Don José Luis Ramudo Andión, chega unha vez iniciada a sesión e feita a votación.

3.- Dar conta dos Decretos de alcaldía de datas comprendidas entre o 8 de marzo de 2023 e o 9 de maio de 2023, ambos inclusive.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do RD 2568/1986, de 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación Municipal das resolucións adoptadas pola Alcaldía dende o 8 de marzo de 2023 e o 9 de maio de 2022 (ambos inclusive).

O Pleno do Concello queda enterado.

4.- Asuntos de urxencia se os houbera.

Non houbo asuntos de urxencia.

5.- Rogos e preguntas.

Por parte de don Enrique Rodríguez Rodríguez, na súa condición de voceiro do grupo municipal do PP, pregunta sobre como está o tema do inventario de camiños xa que nas respostas das solicitudes efectuadas con datas 24 de setembro de 2022 e 1 de febreiro de 2023 faltaba mais concreción e por iso se solicitou mais concreción.

Contesta o Sr. Alcalde, don Lino Rodríguez Ónega, que a empresa que realizou o traballo non efectuou o traballo completo e posiblemente se contratará a outra empresa que aún está sen adjudicar para finalizar o traballo xa que hai que contestar algunhas alegacións.

Pregunta don Enrique Rodríguez Rodríguez, sobre a iluminación de Caraño xa que lle consta que cando cambiaron a iluminación pública déronse de alta novos contadores e a queixa é que desde fai catro anos non se lles reintegra o do cadro público.

Contesta o Sr Alcalde que non lle consta esa información e que ten que buscar os datos concretos en cada situación.





Para finalizar, realiza Don Enrique Rodríguez Rodríguez a terceira cuestión sobre se o Concello ten algún plan de arranxo, pregunta que fixo no pleno do pasado setembro de 2022. Algún plan de arranxo ou algún tipo de planificación de carácter anual...

Discútese por parte do Sr Alcalde e o concelleiro a competencia das estradas xa que son competencia municipal e non da Xunta.

Responde o Sr Alcalde que imos pouco a pouco arranxando as estradas xa que teñen fochancas pero non ten planificación nin a vai a ter.

O Sr Rodríguez pon de manifesto que quere que conste en acta a resposta do Sr Alcalde sobre que non ten planificación nin a vai a terla.

E non tendo máis asuntos que tratar polo señor Alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 21:22 horas do día da data, de todo o que eu, Secretaria-Interventora, dou fe.

